



Facultade de Informática da Coruña

CHARLA INFORMATIVA:

PRÁCTICAS EN EMPRESA GEI CURSO 2020/2021 – 2º CUADRIMESTRE

LUGAR: VIDEOCONFERENCIA TEAMS ([grabación en Stream](#))

DATA: MÉRCORES 2 DE DECEMBRO DE 2020

HORA: 12:30

Prácticas Externas UDC

- Teñen como obxectivo contribuir á formación dos estudantes, complementando a formación teórica e práctica; favorecer a adquisición de valores de innovación, creatividade, emprendedorismo... [Normativa UDC](#)
- Destinadas a estudantes que superaron o **50% dos créditos da titulación**, incluíndo **todos os créditos de formación básica (primeiro curso)**.
 - Ter superados 120 créditos
 - Incluindo os 60 de formación básica.
- As que se ofrecen na FIC son remuneradas, a excepción das que se ofertan polos Servizos da UDC.
 - Supoñen alta na SS, normalmente aplican un 2% de retención que se recupera coa declaración do IRPF, e uns gastos de aprox. 30 euros/mes.
- Contarán cun titor académico e un titor externo (empresa).
- Tipos:
 - Extra curriculares
 - Curriculares

Prácticas Extracurriculares

- **Non se poden convalidar** por prácticas curriculares nin por créditos do GEI.
- Non son evaluables nin conlevan actividades fora da empresa.
- Ata 750 horas por curso académico.
- O alumno pode solicitala en calquer momento a través dalgún destes métodos:
 - Ofertas da [FUAC](#).
 - Páxina de [ofertas da FIC](#).
- Requisitos da empresa:
 - Adicarse a tarefas directamente relacionadas co ámbito do grao ou dispor dun departamento que desenvolva tales tarefas.
 - Ter convenio de colaboración coa UDC (ou asinalo).
- O titor profesional emitirá un informe ao finalizar.
- O estudante pode solicitar que se reflexe no Suplemento Europeo ao Título. Para elo debe elaborar unha memoria e presentar a solicitude na administración.
 - Non hai convocatoria, debe facerse antes de 6 meses trala finalización da práctica.
 - [Procedemento](#) na wiki.

Prácticas Curriculares

4 cursos = 8 cuatrimestres (Q1 a Q8).

35-38 materias cuatrimestrais de 6 ECTS + TFG.

- Q1+Q2: Módulo de Formación Básica (10 materias).
- Q3+Q4+Q5: Módulo Común (15 materias).
- **Q6+Q7+Q8: elección de especialidade.**
 - Módulo de Tecnoloxía Específica (8 materias).
 - Módulo de reforzo da especialidade (2 materias).
 - Optativas de especialidade (3 materias).
 - **Prácticas en Empresa (12 ECTS).** Hai unha materia de 12 ECTS en cada cuatrimestre.
 - Optativas de 6 ECTS.
 - Recoñecemento de actividades (posibilidade de 6 ECTS).
- Trabajo Fin de Grao (12 ECTS).

Prácticas Curriculares

- 12 créditos de optatividade:

- 250 horas na empresa.
- Reunións co titor académico.
- Informes quincenais.
- Memoria final.

A cualificación da materia dependerá do informes do titor profesional, e da calidade da memoria final e os informes quincenais dos alumnos.

- O Estudante se matriculará unha vez coñeza que se lle asignou unha práctica curricular:

- No caso do segundo cuadrimestre, durante o periodo de ampliación de matrícula deberá facer a ampliación ou o cambio de materias para incluír a materia Prácticas en Empresa do segundo cuadrimestre (código 614G01120).

Prácticas Curriculares - Procedemento

- Publicase un documento coa oferta das empresas. Cada empresa pode ofertar ata 4 prácticas.
- Solicitud de un máximo de 4 empresas ordenadas por preferencia. (Pódense solicitar varias prácticas de cada unha das empresas, o límite é de 4 empresas, non de 4 prácticas).
- Os CV dos alumnos de maior expediente entre os solicitantes serán enviados ás empresas (30-32 no primeiro e 38-40 no segundo cuadrimestre). Nota do expediente que se ten en conta:
 - Primeiro cuadrimestre: expediente despois do peche de actas do segundo cuadrimestre.
 - Segundo cuadrimestre: expediente do curso anterior.
- As empresas poden realizar unha entrevista cos alumnos solicitantes.
- As empresas envían un listado dos alumnos que pasan o seu filtro.
- Os alumnos poden variar a orde de prioridade das empresas despois das entrevistas.
- Se un alumno non pasa o filtro de ningunha das empresas solicitadas, poderá solicitar unha nova entrevista entre as empresas nas que queden vacantes.
- A asignación farase por orde de expediente, asignando a cada estudante a empresa de maior prioridade na que pasara o filtro e queden prazas dispoñibles.
- Unha vez que se fan as asignacións, o alumno deberá matricularse (primeiro cuadrimestre) ou solicitar ampliación ou cambio da matrícula (segundo cuadrimestre) da materia correspondente.
- A empresa asigna un titor profesional e a FIC un titor académico para cada alumno.
- Antes do comezo das prácticas, o estudante (e os seus titores) deberá asinar con **sinatura electrónica** o plan formativo.

Prácticas Curriculares - Procedemento

Solicitude da sinatura electrónica para persoas físicas

- <https://www.sede.fnmt.gob.es>.
- **Pasos:** <https://www.sede.fnmt.gob.es/certificados/persona-fisica/obtener-certificado-software>
 - Configurar o navegador
 - Solicitude do certificado
 - Acreditación da identidade: nunha oficina de rexistro có DNI e o código de solicitude
 - Descarga e instalación do certificado
- A sinatura do plan formativo farase a través do portal portafirmas da UDC, que require a instalación do programa [Autofirm@](#)

Prácticas en Empresa GEI

2º cuadrimestre 2020-2021

Datas importantes

Publicación da oferta (Web FIC)	Entre o 3 e o 7 de decembro 2020
Solicitud (online FORMS)	Do 7 ao 11 de decembro 2020
Entrevistas Modificación da orde de preferencia (online FORMS)	Entre o 16 de decembro 2020 e o 15 de xaneiro 2021
Asignación final (Web FIC)	22 de xaneiro 2021
Ampliación ou modificación matrícula	Do 25 de xaneiro ao 5 de febreiro 2021
Formalización do Plan Formativo (online portafirmas UDC)	Do 25 de xaneiro ao 12 de febreiro 2021
Prácticas	Entre o 17 de febreiro e o 11 de xuño 2021
Entrega da memoria	14 de xuño 2021

Onde atopar máis información?

- Información xeral de normativas/plazos/documentación:

<https://wiki.fic.udc.es/docencia:grao:indice>

- Oferta de prácticas extracurriculares remuneradas:

<https://www.fic.udc.es/gl/ofertas-de-emprego-practicas>

<http://www.fundacion.udc.es/practicas.asp>

- Correo electrónico do Vicedecanato de Relacións Institucionais: vri.fic@udc.es